

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*EXTRACTO da Resolución do 24 de febreiro de 2020, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento PR905A).*

BDNS (Identif.): 498579.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as seguintes persoas que, residindo fóra de España, se establezan na Comunidade Autónoma galega:

- a) As persoas galegas e nadas en Galicia.
- b) Os/as cónxuxes ou persoas con unión análoga á conxugal das persoas galegas e nadas en Galicia.
- c) Os/as fillos/as das persoas galegas e nadas en Galicia.

Todas as persoas beneficiarias deberán acreditar estar en posesión da nacionalidade española antes do retorno e ter a súa residencia actual en Galicia.

Segundo. *Obxecto*

O obxecto da resolución é conceder axudas extraordinarias e non periódicas dirixidas a persoas emigrantes galegas retornadas, para axudar a facer fronte aos gastos extraordinarios da unidade familiar derivados do seu retorno á Comunidade Autónoma de Galicia, que carezan de recursos suficientes.



**Terceiro. Bases reguladoras**

Resolución do 24 de febreiro de 2020, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento PR905A).

**Cuarto. Importe**

Para conceder as subvencións convocadas destinarase un crédito total de 1.900.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.480.2.

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo para presentar as solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata o 31 de agosto de 2020 incluído.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2020

Antonio Rodríguez Miranda  
Secretario xeral da Emigración

